



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-----------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2022/23 |
| Asignatura (*) | Análise de Estados Financeiros | Código | 662G01027 | |
| Titulación | Grao en Turismo | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Empresa | | | |
| Coordinación | Rodrigues Soares, Jakson Renner | Correo electrónico | jakson.soares@udc.gal | |
| Profesorado | Rodrigues Soares, Jakson Renner | Correo electrónico | jakson.soares@udc.gal | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Estudo e interpretación da información económico-patrimonial, co obxecto de diagnosticar a posición e a evolución da empresa turística no mercado. Análise da situación financeira a curto e longo prazo, análise de resultados e estudo de rendibilidades. | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|--|
| Código | Competencias do título |
| A2 | Analizar a dimensión económica do turismo. |
| A5 | Converter un problema empírico nun obxecto de investigación e elaborar conclusións. |
| A9 | Analizar, sintetizar e resumir criticamente a información económico-patrimonial das organizacións turísticas. |
| A10 | Xestionar os recursos financeiros. |
| A12 | Dirixir e xestionar (management) os distintos tipos de entidades turísticas. |
| B1 | Capacidade de análise e síntese. |
| B2 | Comunicación oral e escrita en lingua nativa. |
| B3 | Resolución de problemas. |
| B4 | Razoamento crítico. |
| B5 | Compromiso ético. |
| B6 | Aprendizaxe autónoma. |
| B7 | Adaptación a novas situacións. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe |
|---------------------------|
|---------------------------|



| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
|---|------------------------|----------|----------------------|
| | A | B | C |
| Buscar, recopilar, manejar y extraer conclusiones de la información económica. | A2 | B1 | C1 C2 C6 C7 |
| Conocer las fuentes de información para la investigación turística. | A5 | B1 B3 | C3 C5 C8 |
| Acceder a las distintas fuentes de información. | A5 | B6 | C3 C6 |
| Analizar, interpretar e inferir datos y resultados. | A5 | B1 B3 | C6 |
| Conocer los sistemas y procedimientos contables y financieros aplicados a las empresas turísticas. | A9 | B1 B3 | C6 |
| Conocer las herramientas necesarias para el análisis de los estados contables y los criterios para la interpretación de los mismos. | A9 | B1 B3 | C6 |
| Elaborar e interpretar la información contenida en los distintos estados contables. | A9 | B1 B4 | C6 |
| Comprender y elaborar la información financiera para los usuarios internos y externos. | A9 | B4 B6 | C6 |
| Conocer las principales fuentes de financiación de las empresas turísticas. | A10 | B6 | C3 |
| Resolver situaciones de desequilibrio económico financiero. | A10 | B3 B7 | C4 |
| Detectar oportunidades para mejorar la situación económico financiera de la empresa. | A10 | B4 B7 | C4 |
| Dirigir, coordinar y controlar el departamento contable de las empresas turísticas. | A12 | B2 B5 | C4 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| TEMA 1. INTRODUCCIÓN Á ANÁLISE DE ESTADOS FINANCEIROS | 1.1. CONCEPTO E OBXECTIVOS DA ANÁLISE DE ESTADOS FINANCEIROS. 1.2. OS PROBLEMAS DAS EMPRESAS E AS SÚAS CAUSAS. 1.3. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO EMPRESARIAL. 1.4. DATOS COMPLEMENTARIOS Á ANÁLISE DE ESTADOS FINANCEIROS. 1.5. LIMITACIÓNS DA ANÁLISE. |
| TEMA 2. ESTADOS FINANCEIROS | 2.1. BALANCE DE SITUACIÓN. 2.2. A CONTA DE PERDAS E GAÑOS. 2.3. ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO. 2.4. ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO. 2.5. MEMORIA, INFORME DE XESTIÓN E INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS. 2.6. MANIPULACIÓNS CONTABLES E MAQUILLAXE DE CONTAS ANUAIS. |
| TEMA 3. ANÁLISE DO BALANCE DE SITUACIÓN | 3.1. OBXECTIVOS E ASPECTOS PREVIOS. 3.2. ESTRUCTURA DO BALANCE IDEAL. 3.3. CONCEPTO E USO DE RATIOS. 3.4. PRINCIPAIS RATIOS PARA ANALIZAR BALANCES. 3.5. O PODER PREDICTIVO DAS RATIOS. |



| | |
|---|--|
| TEMA 4. ANÁLISE DA CONTA DE PERDAS E GAÑOS | <p>4.1. OBXECTIVOS DA ANÁLISE.</p> <p>4.2. ANÁLISE DA MARXE POR PRODUCTOS.</p> <p>4.3. CÁLCULO DO UMBRAL DE RENDIBILIDADE.</p> <p>4.4. ANÁLISE DOS GASTOS.</p> <p>4.5. ANÁLISE DA PRODUTIVIDADE, DA EFICACIA E DA EFICIENCIA.</p> <p>4.6. AVALIACIÓN DO NIVEL DE CALIDADE.</p> |
| TEMA 5. RENDIBILIDADE, AUTOFINANCIACIÓN E CRECEMENTO. FONDO DE MANIOBRA | <p>5.1. ESTUDO DA RENDIBILIDADE.</p> <p>5.2. APALANCAMENTO FINANCEIRO.</p> <p>5.3. AUTOFINANCIACIÓN.</p> <p>5.4. CRECEMENTO DA EMPRESA: CAPACIDADE E TIPOLOXÍA.</p> <p>5.5. CONCEPTO E IMPORTANCIA DO FONDO DE MANIOBRA.</p> <p>5.6. AS NECESIDADES DE FONDO DE MANIOBRA.</p> |

| Planificación | | | | |
|-------------------------|---|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Proba de resposta breve | A2 A5 B1 B2 B6 B7 C1 | 1 | 2.5 | 3.5 |
| Resumo | A2 A5 A9 A10 B1 B4 B6 B7 C3 C4 | 4 | 12 | 16 |
| Solución de problemas | A2 A5 A9 A10 A12 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C2 C3 C5 C6 C7 C8 | 10 | 25 | 35 |
| Sesión maxistral | A2 A5 A9 A10 A12 B3 B4 B5 C3 C6 C7 | 15 | 37.5 | 52.5 |
| Traballos tutelados | A9 B1 B2 B4 B5 C1 C8 | 5 | 12.5 | 17.5 |
| Aprendizaxe servizo | A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C3 C4 C7 C8 | 4 | 10 | 14 |
| Proba obxectiva | A2 A5 A9 A10 A12 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C4 C6 | 3 | 7.5 | 10.5 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba de resposta breve | Proba obxectiva dirixida a provocar o recordo dunha aprendizaxe presentada. Preséntase un enunciado en forma de pregunta para responder coa resolución de operacións sinxelas. Realizarase ao longo do cuatrimestre. |
| Resumo | Consiste nunha síntese dos principais contidos traballados. O alumnado terá que expoñer os temas traballados na aula. É tamén unha axuda importante para o repaso e a preparación de exames. |
| Solución de problemas | Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución. |
| Sesión maxistral | Tipo especial de lección impartida polo profesor, onde se baraxarán contidos que conforman o marco teórico - práctico da materia contable. |



| | |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado, baixo a tutela do da persoa docente e en escenarios variados (académicos e profesionais). Nesa metodoloxía o alumnado asume a responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente do estudantado e o seguimento desa aprendizaxe polo docente-titor. O alumnado poderá realizar o traballo baixo a metodoloxía de Aprendizaxe e Servizo ApS, desenvolvendo o seu traballo nun contexto real e en conxunto con outros colectivos. |
| Aprendizaxe servizo | Trátase dunha actividade que integra o servizo á comunidade coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias a partir da práctica reflexiva. O alumnado aplicará os coñecementos xerados nas clases á unha situación práctica ofrecendo servizo á comunidade. |
| Proba obxectiva | Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. A proba consistirá na resolución dun exame final que versará sobre aspectos do análise contable. Esa proba consta de varios tipos de preguntas: tipo test, verdadeiro ou falso, resolución de exercicios prácticos para a elección da resposta correcta. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|---|
| Resumo Solución de problemas Traballos tutelados Aprendizaxe servizo | A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo directo co profesor, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado. O xeito e o momento no que se desenvolverá será indicado en relación a cada actividade, ao longo do curso, segundo o plan de traballo da materia. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|-------------------------|---|--|---------------|
| Proba de resposta breve | A2 A5 B1 B2 B6 B7 C1 | Valoraranse os coñecementos teóricos e prácticos de análise contable adquiridos ó longo das sesións maxistras. | 10 |
| Resumo | A2 A5 A9 A10 B1 B4 B6 B7 C3 C4 | En relación coa presentación oral valorarase a claridade das opinións expostas verbo de: 1. Os temas que se especifican no programa da materia. 2. A resolución de problemas contables. | 10 |
| Solución de problemas | A2 A5 A9 A10 A12 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C2 C3 C5 C6 C7 C8 | Valorarase a resolución de varias situacións problemáticas concretas a partir dos coñecementos traballados nas sesións maxistras. | 10 |
| Proba obxectiva | A2 A5 A9 A10 A12 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C4 C6 | Consistirá nunha proba escrita que versará sobre aspectos teóricos e prácticos, correspondentes aos temas desenvolvidos ao longo do curso. | 50 |
| Traballos tutelados | A9 B1 B2 B4 B5 C1 C8 | No transcurso da materia será proposto un traballo grupal para aplicar os coñecementos xerados nas clases de forma práctica. O traballo será realizado en grupos pequenos de 4 integrantes e avaliado con rúbrica que o alumnado coñecerá ao principio das clases. O traballo poderá ter unha compoñente de ApS ou dentro do proxecto elixido polo alumnado. | 20 |

Observacións avaliación



Nota Final da Material: Sumatorio de todas as puntuacións. Observación de Primeira oportunidade: é necesario aprobar a Proba obxectiva con 50% da valoración total desta parte para superar a materia. En Segunda oportunidade, gardarase a nota obtida na proba de resposta breve, solución de problemas, traballos tutelados e resumos realizados polo alumnado ao longo do cuatrimestre. A esta nota sumárase a nota obtida na proba obxectiva de segunda oportunidade, que versará sobre aspectos teóricos e prácticos, correspondentes aos temas desenvolvidos ao longo do curso. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia será avaliado unicamente coa Proba obxectiva, que suporá o 100% da calificación. A proba terá o mesmo contido que para o alumnado con dedicación a tempo completo. O alumnado que non se presente a Proba obxectiva, aínda que teña participado activamente das outras actividades, será calificado como NON PRESENTADO. Fóra dos previstos no regulamento, en ningún caso se cambiará a data de ningunha proba. A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa tutora ADI da Facultade de Turismo

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- Oriol Amat (2008). Análisis de Estados Financieros. Fundamentos y aplicaciones. Ediciones Gestión 2000- Julián González Pascual (2016). Análisis de la empresa a través de su información económico-financiera: aplicaciones prácticas (e-book). Pirámide- Jose Antonio Ortega Martínez (2006). Análisis de Estados Financieros (e-book). Desclee de Brouwer- Oriol Amat (2008). Análisis Económico - Financiero. Ediciones Gestión 2000 <p>Amat, O.: "Análisis de Estados Financieros. Fundamentos y aplicaciones", Ediciones Gestión 2000, Barcelona, 2008. Amat, O.: "Análisis Económico - Financiero", Ediciones Gestión 2000, Barcelona, 2008. ACCID: "Normas Internacionales de Información Financiera", Asociación Catalana de Contabilidad y Dirección, Barcelona, 2007. Plan General de Contabilidad. Real Decreto 1514/2007, 16 de noviembre. Plan General de Contabilidad de PYMES. Real decreto 1515/2007, 16 de noviembre.</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Contabilidade Financiera/662G01011

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Contabilidade de custos/662G01017

Observacións

Recoméndase ao alumnado traballar de xeito continuado nos contidos da materia ao longo de todo o curso. Tamén se recomenda que mantéña unha comunicación aberta co profesor a través das titorías persoais. Recoméndase que antes de cada clase teórica o alumnado lea e prepare o tema que será presentado, empregando o manual básico da materia. Finalmente, é recomendable que o alumnado utilice o horario establecido de titoría para realizar consultas e esclarecer dúbidas da materia.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías